



ANUNCIO

Asunto: Anuncio da licitación do contrato menor de servizos: “Explotación do bar da Área Recreativa da Cobeluda na temporada do verán 2024”

Expediente TEDEC: 2024/C002/000009

O 06.05.2024, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación, mediante contrato menor con concorrencia pública a través da licitación que se publique no Perfil do contratante do Concello de Neda. A adxudicación do contrato realizarase utilizando como único criterio de adxudicación o prezo (mellora á alza) sendo o importe mínimo 100,00 euros/anuais netos (sen IVE) segundo a cláusula quinta do Prego que rexe o procedemento. Obterá a maior puntuación a oferta de maior importe e o resto serán puntuadas proporcionalmente.

O anuncio da licitación publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público, accesible dende o perfil do contratante do Concello de Neda, o 13.05.2024 ás 14.14 h segundo o seguinte enlace: https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=bTs%2F7qgpbX3ua%2Fi14w%2FPLA%3D%3D, co número de expediente 2024/C002/000009. Finalizado o prazo de presentación o 28.05.2024, non se presentou ningunha oferta, resultando a licitación deserta.

Non obstante, o Concello tivo coñecemento das dificultades dalgún licitador para acceder á Plataforma de Contratación, por iso considérase axeitado manter todas as condicións do contrato e proceder a invitar, cando menos a tres (3) empresas, ademais daquelas outras que queiran presentar as súas ofertas a través da Sede Electrónica do Concello, logo da publicidade que se fará desta licitación a través da web municipal, así como das redes sociais e aqueles outros lugares axeitados a tal fin, axudando así a levantar as dificultades administrativas que empresas do sector poidan ter.

Por todo isto, a Xunta de Goberno Local do 03.06.2024 acordou:

Primeiro. Declarar deserto o expediente de contratación do contrato menor de servizos: “Explotación do bar da Área Recreativa da Cobeluda na temporada do verán 2024”, publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 13.05.2024 co número de expediente 2024/C002/000009, por non constar ningunha oferta presentada.

Segundo. Publicar esta declaración de deserto no Perfil do Contratante no prazo de quince (15) días.

Terceiro. Aprobar o un novo expediente de contratación co número de expediente 2024/C002/000015, os pregos de cláusulas administrativas e técnicas tal e como figuran no expediente e os seus anexos e demais contido do expediente de contratación do contrato menor de servizos: “Explotación do bar da Área Recreativa da Cobeluda na temporada do verán 2024”.

Cuarto. Invitar a un mínimo de tres (3) persoas naturais ou xurídicas que teñan capacidade para contratar e contén coa habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións obxecto do contrato, autorizando expresamente ao Alcalde a cursar tales invitacións, concedéndolles un prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación das correspondentes ofertas.

Quinto. Dar publicidade desta licitación a través da web municipal, así como das redes sociais e aqueles outros lugares axeitados a tal fin, para que calquera outro licitador que estea interesado poida informarse e acceder á documentación precisa que lle permita presentar a súa oferta en igualdade de condicións a través da Sede Electrónica do Concello.”

O prazo de (5) días hábiles para a presentación das correspondentes ofertas comezará a contar a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio na web municipal e os interesados poderán presentar as súas ofertas na Sede electrónica do Concello de Neda.

Neda, asinado dixitalmente polo alcalde Ángel Alvariño Saavedra.